



SESIÓNS INFORMATIVAS

“As claves das vindeiras convocatorias do programa Horizon 2020”

24 e 25 de setembro de 2015

Sala de xuntas, Edificio de Servizos Centrais de Investigación, Campus Elviña, A Coruña

INTRODUCCIÓN

A Comisión Europea ten prevista a publicación dos borradores avanzados dos Programas de Traballo 2016-2017 das diversas áreas do Programa Cadro Horizonte 2020 (H2020) no mes de outubro de 2015.

Aínda que a aprobación formal e publicación das respectivas convocatorias terá lugar posteriormente, estes borradores avanzados xa conteñen información detallada sobre as prioridades temáticas das convocatorias (*topics*), orzamentos dispoñibles e prazos de presentación de solicitudes. Xa que logo, é posible comezar a traballar sobre posibles ideas de proxecto para as convocatorias do período 2016-2017 tomando como base estes documentos.

Neste contexto, e coincidindo coa celebración a nivel europeo da [Noite Europea dos Investigadores](#), a OTRI da UDC vai organizar unhas sesións informativas sobre as claves das vindeiras convocatorias do H2020. A principal finalidade destas sesións é revisar polo miúdo os *topics* correspondentes aos novos programas de traballo 2016-2017, nomeadamente dos piares 2 (Liderado Industrial) e 3 (Retos Sociais) do H2020, prestando especial atención a aquelas áreas que teñen un vencemento máis inmediato.

A seguir, poden consultar o horario completo do evento, estruturado para que os asistentes poidan asistir especificamente ás sesións do seu interese, sen necesidade de estar presentes durante a totalidade de cada xornada. Este horario seguirase de xeito **moi estrito** para facilitar a entrada e saída dos participantes nas diferentes sesións, asegurando o mantemento das horas programadas para o inicio de cada temática.





PROGRAMA DÍA 24

08.45h. Introducción ás sesións

09.00h – 09.50h. Piar 3, Retos Sociais - Enerxía segura, limpa e eficiente.

10.00h – 10.50h. Piar 3, Retos Sociais - Transporte intelixente, verde e integrado.

11.00h – 11.50h. Piar 3, Retos Sociais - Sociedades seguras: protexer a liberdade e a seguridade de Europa e os seus cidadáns.

12.00h – 13.30h. Piar 2, LEIT - Tecnoloxías da información e das comunicacións & Espazo.

15.00h – 15.50h. Piar 3, Retos Sociais - Acción para o clima, medio ambiente, eficiencia dos recursos e materias primas.

16.00h – 16.50h. Piar 3, Retos Sociais - Seguridade alimentaria, agricultura e silvicultura sostibles, investigación mariña, marítima e de augas interiores, e bioeconomía.

17.00h – 18.00h. Piar 2 - Acceso ao financiamento de risco & Innovación nas PEMEs.

PROGRAMA DÍA 25

09.00h – 09.50h. Piar 3, Ciencia con e para a sociedade.

10.00h – 10.50h. Piar 3, Retos Sociais - Europa nun mundo cambiante: sociedades inclusivas, innovadoras e reflexivas.

11.00h – 11.50h. Piar 2, LEIT - Biotecnoloxía.

12.00h – 13.30h. Piar 3, Retos Sociais - Saúde, cambio demográfico e benestar.

15.00h – 15.50h. Piar 2, LEIT - Nanotecnoloxías

16.00h – 16.50h. Piar 2, LEIT - Materiais Avanzados

17.00h – 18.00h. Piar 2, LEIT - Fabricación e procesos avanzados.

Relatores: Dra. Marina Martínez (oficina SOST-CDTI); Luis Botifoll e Adriana Varela (Mon Progres S.L.); Dr. Octavio Pernas (OTRI UDC).

Solicítase **confirmación de asistencia**, indicando a sesión ou sesións do seu interese, por medio dun **correo electrónico** dirixido a otri.aula@udc.es antes do mércores 22 de setembro.

Coa colaboración de:

